



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12 DE XULLO DE 2010.

---Contrato: OBRAS DE "FORMIGONADOS EN BARCALA STA. MARIÑA, CASTRO, SOUTO E VINSEIRO"

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **16 DE XULLO DE 2010**

“Vista a Memoria e Anexos da obra “FORMIGONADOS EN BARCALA STA. MARIÑA, CASTRO, SOUTO E VINSEIRO”, elaborada polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal, Sr. Brea Villaverde, cun orzamento de execución por contrata de 78.912,04 euros (impostos incluídos), obxecto de aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 07.06.10 (F.O.D., apartado F).

-Visto o expediente tramitado, previos os informes favorables preceptivos da Intervención de Fondos Municipais e da Secretaría Xeral, para a licitación polo procedemento negociado sen publicidade do contrato relativo á amentada obra, ao que foron convidadas as empresas CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., COVSA, e TRANSPORTES Y MAQUINARIA, C.P., S.L. .

-Visto que presentaron solicitude de participación en forma e prazo, só COVSA, e TRANSPORTES Y MAQUINARIA, C.P., S.L. .

-Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores interesados, sendo a mesma a requirida consonte ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

-Vistas o día da súa apertura (05.07.10) , as ofertas realizadas polos licitadores, e aplicados os criterios de valoración das mesmas contidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor daquela , resultando, salvo erro ou omisión, que:

LICITADOR	MENOR PREZO	MAIOR GARANTÍA	PUNTUACIÓN	MELLOR OFERTA
TRANSP. Y MAQUIN. C.P., S.L.	- 2.762,04 € (76.150,00 €) 0,3314448 PUNTOS	+0 meses 0,00 PUNTOS	0,3314448 PUNTOS	TRANSPORTES Y MAQUINARIA, C.P., S.L.
COVSA	-0,00€ 0,00 PUNTOS	+0 meses 0,00 PUNTOS	0,00 PUNTOS	----- -

Visto o informe de fiscalización previa da Sra. Interventora, que formula reparo suspensivo.
Vista a resolución da Alcaldía Presidencia número 621/2010 do 9 de xullo, levantando o devandito reparo.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras “FORMIGONADOS EN BARCALA STA. MARIÑA, CASTRO, SOUTO E VINSEIRO” polo prezo de 76.150,00 € (impostos incluídos), a TRANSPORTES Y MAQUINARIA, C.P., S.L. , con arranxo ao Prego e á súa oferta, ao seren esta a que obtivo superior puntuación entre as interesadas.

2º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

-- certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias e na seguridade social.

-- informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.-Notificar o presente Acordo ao licitador e publicar a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 16 de xullo de 2010.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López